

CONCURSO TURISMO DE GALICIA –DESEÑO DA IMAXE PUBLICITARIA PARA A CAMPAÑA “PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS NAS RUTAS DOS VIÑOS DE GALICIA” NAS SÚAS EDICIÓNS DOS ANOS 2025 E 2026

PARTICIPANTES

Tomarán parte neste certame os autores dos carteis finalistas e premiados da Bienal Internacional de Carteis Terras Gauda | Concurso Francisco Mantecón 2024, seleccionados previamente polo xurado.

OBXECTO DO CONCURSO

Deseño da imaxe publicitaria para promocionar a campaña “Primavera de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia” nas súas edicións dos anos 2025 e 2026, acción desenvolvida por Turismo de Galicia en colaboración coas Asociacións das Rutas dos Viños galegas: Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras, coa finalidade de promocionar e contribuir ao desenvolvemento turístico das cinco zonas vitivinícolas de Galicia.

Nesta acción teñen unha gran importancia as visitas ás adegas amparadas por cada unha das Denominacións de Orixe galegas, contribuíndo á divulgación e coñecemento da súa actividade.

OBRAS

Todos os traballos que opten ao certame deben ser presentados en formato dixital con suficiente resolución para a súa impresión en tamaño A3 (297 x 420 mm) de alta calidade.

- Gravados en alta resolución nun CD ou lapis de memoria (lexible en PC), en formato que poida ser editado: Adobe Photoshop, Illustrator ou Freehand. Ademais, deberán presentarse tamén en formato JPG ou PDF para facilitar a súa visión.

Poderán realizarse con calquera técnica informática.

Poderán presentarse un máximo de dúas obras por cada participante.

Valorarase fundamentalmente a fácil identificación da imaxe co “Enoturismo e Galicia” e a orixinalidade da creatividade.

Os gañadores proporcionarán os seus traballos nos formatos de deseño que poidan ser editados para a súa posterior utilización en calquera soporte de promoción que decida Turismo de Galicia.

Todos os deseños deberán incluír os seguintes logotipos: Xunta de Galicia, Ruta do viño Rías Baixas, Ruta do viño do Ribeiro, Ruta do viño Monterrei, Ruta do viño Ribeira Sacra, Ruta do Viño Valdeorras e Enoturismo Galicia. Ademais, levará o seguinte texto: Primavera de Portas Abertas. Adicionalmente incluíranse no cartel as seguintes referencias: www.turismo.gal e [#primaveradeenoturismo](https://twitter.com/primaveradeenoturismo).

Os participantes poderán descargar todos os logotipos en sistema vectorial no web **www.turismo.gal**, onde tamén poderán consultar o documento informativo sobre esta campaña que inclúe, a modo de orientación, o cartel que foi deseñado para a edición do ano 2024 da "Primavera de Portas Abertas".

PRESENTACIÓN

Para asegurar o anonimato dos autores do concurso restrinxido, na parte exterior do sobre deberá constar unicamente o pseudónimo do autor e a identificación CONCURSO TERRAS GAUDA-TURISMO DE GALICIA. Este sobre debe incluír outros dous:

- Un sobre cun CD ou lapis de memoria que conterá o/os deseño/s que se presentan.
- No segundo sobre remitiranse os datos de identificación e de contacto do autor. É imprescindible incluír os seguintes datos:
 - Nome e apelidos do autor
 - Fotocopia do D.N.I. (Documento oficial de identidade)
 - Enderezo, teléfono e correo electrónico.

LUGAR

Os deseños poderán entregarse no Rexistro de Turismo de Galicia, Estrada Santiago-Noia, km. 3, A Barcia, 15897 Santiago de Compostela. Do mesmo xeito, poderán enviarse por correo certificado a:

Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, km. 3, A Barcia

15897 Santiago de Compostela

PRAZO

Os traballos serán presentados antes das 14:00 horas do día 30 de setembro de 2024.

CONDICIÓN

Os deseños premiados e todos os seus dereitos pasarán a ser propiedade de Turismo de Galicia, que garante a non utilización do resto das propostas, excepto a que poida referirse exclusivamente a calquera publicación con relación ao concurso.

Do mesmo xeito, Turismo de Galicia resérvase o dereito de adquisición dalgunha obra, sen límite de tempo, por un importe igual ao dalgún dos accésits do ano en que esta se teña presentado ao concurso, e nas mesmas condicións ca as sinaladas no parágrafo 1º do apartado "condicións".

XURADO

O xurado estará presidido por Xosé Manuel Merelles Remy, Director de Turismo de Galicia.

Ademais, forman parte do xurado:

- Pati Núñez · Deseñadora gráfica
- Rodrigo Sánchez · Director de Arte
- Santiago Bacariza · Xefe da Área de Produto de Turismo de Galicia.

A decisión do xurado será inapelable e a el corresponderalle resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases.

A reunión do xurado terá lugar o día 11 de outubro, ás 11:00 h, na sede de Turismo de Galicia en Santiago de Compostela.

PREMIOS

Turismo de Galicia concederá dous premios de igual importancia e valor económico a aqueles dous deseños que, a xuízo do xurado, resulten gañadores. A efectos de que un dos deseños sirva como imaxe publicitaria da campaña "Primavera de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia" na súa edición do ano 2025 e outro dos deseños como imaxe publicitaria da edición do ano 2026, Turismo de Galicia poderá solicitar aos gañadores que fagan as adaptacións dos grafismos necesarias dependendo da edición para a que o seu deseño vaia ser utilizado:

- PREMIO PARA O DESEÑO DA IMAXE PUBLICITARIA DA "PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS NAS RUTAS DOS VIÑOS DE GALICIA" NA SÚA EDICIÓN DO ANO 2025, **DOTADO CON 5.000€**
- PREMIO PARA O DESEÑO DA IMAXE PUBLICITARIA DA "PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS NAS RUTAS DOS VIÑOS DE GALICIA" NA SÚA EDICIÓN DO ANO 2026, **DOTADO CON 5.000€**

ENTREGA DE PREMIOS

Os premiados daranse a coñecer a través das seguintes páxinas web:

www.turismo.gal, www.terrasgauda.com e www.franciscomantecon.com

Turismo de Galicia contactará cos premiados para formalizar a entrega dos premios.

Para máis información, poden contactar con Turismo de Galicia.

Teléfono 981 957 063 | E-mail: produto.turismo@xunta.gal

